

Pescuda no arquivo: A vida na Galicia do XVIII



02. A medicina no século XVIII

APUNTAMENTO HISTÓRICO

No século XVIII aínda se estudaba **medicina galénica**, que entendía a **saúde** como o **equilibrio** de catro **humores** corporais (flegma, sangue, cólera e melancolía) e a **enfermidade** como o seu **desequilibrio**. Esta concepción, orixinada no **século II** da nosa era, comezou a ser desprazada polos **avances** en **anatomía** e **cirurxía**.

O crego Araujo escribiu na súa apoloxía da medicina de 1716 que os **médicos** nin sangraban, nin purgaban, nin limpaban suores, de modo que “non é médico quen cura, senón quen coñece as **regras** da recta **curación**”. Resaltaban os aspectos **intelectuais** da súa profesión e non atendían aos doentes.

Cirurxiáns e **sangradores** asumían as **curas** e facían **diseccións** e **autopsias**, que os médicos consideraban un oficio manual vil e mecánico. Practicaban **sangrías** para evacuar o exceso de sangue do corpo (plétora) mediante flebotomía, sambesugas e ventosas; era unha **terapia** tradicional **galénica**, moi **discutida** polos renovadores, pero que perdurou ata o século XIX.

Botica general de remedios experimentados contra todo género de enfermedades / Medicus Michael, natione milanensis.

José Cornide Saavedra

Data: 1750 / 1803 (aproximada)

Signatura: 44815/145



02. A medicina no século XVIII

APUNTAMENTO HISTÓRICO

Admisión a exame de Antonio José Carballal, para ser cirurxián da Armada

Alcadía Mayor de Ferrol e da Graña

Data: 1786

Signatura: 5008/ 14



En 1648 xurdiu a **Facultade** de Medicina e en 1755 a primeira cátedra de **Anatomía** e **Cirurxía** da Universidade de Santiago. Eran estudos **teóricos** nos que non se facían **diseccións**, pola falta dun teatro anatómico na facultade e pola **mentalidade** vixente.

Os estudos de **cirurxía** tiñan un rango secundario, pero tamén a medicina **carecía** de **prestixio** e apenas había alumnado. Os **avances** no ensino e na práctica proceden dos colexios de cirurxía da **Armada**, que mantiñan un trato inmediato co **corpo humano**.

Na **botica** elaborábanse os **medicamentos**: eméticos, purgantes, depurativos, sudoríferos, ungüentos, emplastos, pos, herbas medicinais,...

02. A medicina no século XVIII

APUNTAMENTO HISTÓRICO

O Tribunal do **Protomedicato**, máximo órgano profesional, outorgaba as **licenzas** para o exercicio da **medicina**, a **cirurxía** e a **botica** e controlaba a práctica profesional posterior, como mala praxe ou **intrusionismo**. Así mesmo, vixiaba **outras** profesións relacionadas coa saúde: ensalmadores (compoñedores), parteiras, barbeiros,...

O salto cualitativo na medicina **preventiva** produciuse co descubrimento da **vacina** da varíola en 1796. En Galicia hai noticia da práctica da **inoculación**, un precedente da vacina, entre labregos da antiga provincia de **Mondoñedo** no século XVIII. Destacan as inoculacións practicadas por **O'Scanlan**, médico do **Real Hospital de Ferrol**, a partir de 1766.

Na **Coruña** estableceuse unha sala de inoculación en 1799, pero xa en 1801 o médico municipal da cidade, **Posse Roybanes**, vacinou ao seu neto e creou unha sala de vacinacións no **Hospital da Caridade**. Posse colaborou coa famosa **expedición Balmis** en 1803, mantendo o virus activo por se existisen fallos na primeira parte da viaxe, ata Canarias.

Título de cirurxán expedido polo Real Protomedicato en favor de Andrés de Villanueva, de Valladolid

Colección de documentos en pergamino

Data: 1587-06-12. Madrid

Signatura: 933

